


XUNO - 2007


CANDÍS

Nº 15



C.P.I. "TOMÁS TERRÓN MENDAÑA" SOBRADELO DE VALDEORRAS (OURENSE)

COMEZAMOS UN NOVO MILENIO



JOGOS TRADICIONAIS PORTUGUESES

O Jogo do Malhão

O **jogo do malhão** tem lugar, praticamente em todas as épocas do ano. Para o pôr em prática, escolhem-se bons terrenos, planos e enxutos.



Dois ou mais rapazes reúnem-se no sítio convencionado, colocam no chão duas pedras empinadas, chamadas **malhões** – uma em frente da outra – guardando entre si a distância de alguns metros. Cada jogador tem a sua **falha** (pedra achatada). Em seguida, um deles inicia o jogo, aproxima-se de um dos malhões e atira com a falha que tem na mão direita, a fim de derrubar o outro malhão. Todos os jogadores, um de cada vez, vai repetindo o exercício.

O jogador que consiga derrubar o malhão com a sua falha, ganha seis pontos; se nenhum conseguir derrubá-lo, aquele que

tiver ficado mais perto do referido malhão, ganha três. O jogo só termina quando um dos parceiros atingir o número doze.


José Domingos – 6º P

O Desporto

Devemos praticar desporto porque:

- Fortalece e desenvolve o corpo

Vicente – 2º E.P.



Laurentino – 2º E.P.

- Ensina a ganhar e a perder
- Diverte e permite fazer amigos

Minha Terra Natal


No dia 25 de Abril, na minha aula, estivemos a falar sobre a revolução de Portugal e lemos textos em português.

Eu estava contente foi muito “fixe” ler tudo isso, era como se estivesse em Portugal ou como se alguém quisesse fazer-nos lembrar a nossa terra natal.

Eu ri-me muito porque ao estar em Espanha é raro ouvir pessoas a falar português assim como também se passa muito tempo sem ler uma carta de alguém de Portugal e, um dia, chegas a escola entra e a professora começa a falar sobre Portugal e todos a ler em português.

Foi engraçado por uma parte, mas por outra fez-me ter ainda mais saudades dessa terra que já há algum tempo não visito.

Aviso: - Ainda que tenha a minha vida em Espanha, a minha terra natal é Portugal. *Só há um lugar onde posso ser feliz e esse sítio só pode ser Portugal.*



Patrícia Batista Fernandes
2º - A Eso

O Primeiro Automóvel



Foi há mais de um século. Os jornais da época falavam num tal conde d'Avillez e no seu estranho “Trem a vapor”. Tratava-se do primeiro automóvel entrado em Portugal.

Homens agitavam-se em torno daquela carroça grande com uma manivela adiante. Trocavam impressões, entre eles.

A viatura tratava-se de um “Panhard et Levassor” de 1891, o primeiro ligeiro, entre nós accionado por motor de explosão. O proprietário era um jovem conde, do sul de país, Santiago do Cacém, que o adquirira em Paris, já em 2ª mão.

Letícia – 4º Primária

Canção do Vinho do Porto

Tu que hás-de um dia provar-me
 Lê meu rótulo e sorri:
 Mil oitocentos e quinze...
 Foi o ano em que nasci.

Portugal, és conhecido
 Nas estrangeiras nações,
 É por ser a minha Pátria
 E a de Luís de Camões.


Torrão que produz tal vinho
 E que tal poeta deu,
 Não é torrão deste mundo,
 É torrão d'anjos do céu!

Nasci nas ribas do Douro,
 Rudes e caniculares
 Onde, no Estio, parece
 Que anda o inferno p'los ares.

Metido nesta garrafa
 Por mais sabida e prudente,
 Como jóia, fui passando
 Pelas mãos de muita gente.

Vitória – 6º P

Conto Tradicional Português



Uma raposa esfomeada viu, na água parada no fundo de um poço, a imagem da lua. Julgando que era um queijo, deu pulos de contente.

O poço tinha dois baldes; enquanto um descia, o outro subia. Então meteu-se no balde que estava em cima e desceu até ao fundo mas, ao chegar lá, verificou que tinha sido enganada. Não havia queijo nenhum. E não sabia então como sair do poço.

Nisto, apareceu ali um lobo para beber água. Ao vê-lo, a raposa disse-lhe num tom muito amável:

- Desça, até cá, compadre! Vou oferecer-lhe este queijo com muito prazer.

O pobre lobo caiu na armadilha e, metendo-se no outro balde, começou a descer. E, enquanto ele descia, o balde em que estava a raposa, subia, trazendo-a para cima.

António – 6º P

EXCURSIÓN SALVADORA

Un ano máis participamos no programa IMOS Ó MAR. Como eu nunca estiven cerca do mar, intereseime por ir desde o primeiro momento, pero había un problema e é que os profesores non querían levar a ningún neno que se portase mal, e aí estaba eu, por iso decidín que se quería ir, tería que cambiar de actitude e portarme mellor.

E, por fin chegou o gran día, o día da nosa partida a Gandarío para encontrarnos co descoñecido.

Saímos do colexio ás oito e media da mañá e chegamos a Gandarío ás once e media aproximadamente e aí comezou a nosa verdadeira aventura.

Recibíronnos os monitores e dixéronnos onde estaban os cuartos, e alí deixamos as maletas, pouco despois fomos comer e a continuación estivemos xogando a diferentes xogos moi divertidos case ata a hora da cea, despois de cear outra vez a xogar e así ata a hora de durmir.



Nas caras nótaseños que o pasamos moi ben

Do mar o que más me chamou a atención foron as ondas e esa auga transparente e azulada, parecía que me ían tragar dun momento a outro cando me acercaba á beira; as ondas mollábanme os pés e alí, ó lonxe, había rochas, pegaba a auga contra elas e parecía que ían caer.

Por todo isto o Mar pareceume impresionante, gustoume e ó mesmo tempo diría que me asustou a súa forza e a súa enorme cantidade de auga.

E continuando coa miña aventura en Gandarío, teño que dicir que á mañá seguinte erguémonos ás oito, ás nove almorzamos e ás dez outra vez xogos En total eramos cinco colexios e enxeral, os nenos eran bos, pero había un que era un mal educado e un senvergonza. Nós portámonos regular, Liliana, Yéssica e Berta non foron participar en FUROR, quedaron sentadas nun banco chorando porque

a Berta púxoselle o avó enfermo. Mario andaba eléctrico porque bebeu cinco coca-colas dun golpe, non sei como un pode emborracharse con coca-cola. Ricardo portouse moi mal, andaba insultando a unha amiga miña que se chamaba Tamara, chamoulle cousas feas, ¡moi feas!.

Eu fixen moitos amigos, tamén porteime un pouco mal o primeiro día porque andaba gritando, pero os outros días porteime ben.

Os monitores eran bos, dicían como eran as cousas e dixéronnos que alí foramos para aprender, non para facer o subnormal.

Ben, despois destas necesarias aclaracións, continúo co que fixemos neste segundo día que foi máis ou menos como o primeiro. Este día leváronnos a estudiar os animais mariños á praia.

As comidas e as ceas eran ricas.

Chegou o terceiro día, erguémonos, almorzamos, preguntáronnos como o pasaramos e contestamos que ben; máis tarde, cara as once chegou a hora da despedida que para uns foi máis triste que para outros.

Despois de todo isto antes de regresar a Sobradelo fomos ata A Coruña. Recorrimos o paseo que hai á beira do mar e chegamos ata a Torre de Hércules, subimos e gustoume moito; máis tarde baixamos e fomos andando ata a praia de Riazor que está cerca de onde xoga o Depor.

Así chegou xa a hora de arrancar para aquí, serían as doce e media e o conductor que era moi bo e tiña moita paciencia esperou a que Ricardo terminase o xelado para arrancar.

Sobre a unha e media paramos a comer nun merendeiro que estaba cerca de Monforte, alí abrimos as bolsas que nos deran no albergue e vimos que tiñamos dous bocadillos cada un, froita e unha botella de auga. Comimos áinda que Mario e Ricardo tiñan más sono que fame e por iso no autobús quedaron a durmir o mesmo que M^a José.

Chegamos ó cole ás tres e media e subimos á clase contando as cousas que nos pasaran e ensinando as cunchas ós profesores e profesoras.

Ás catro e media chegamos a casa, dinlle dous bicos á miña familia e conteilles todo o que vira e vivira; esa noite ó deitarme durminme pensando en todo o que pasara neses tres días e **eu mesmo alucinei do ben que me portara** e, non é que o diga eu, é que os meus propios compañeiros e compañeiras así como os profes Berta e Juan que foron connosco viron que algo me pasara, de aí o de «excursión salvadora».

Fernando, 1º de E.S.O.

A NOSA PRIMEIRA . . .



O día 15 de maio fomos a Ourense no tren os cursos de 1º, 2º e 3º de E. Primaria. Saímos pola mañá do Colexio, en autobús ata Monforte. Cada un levaba a súa comida e bebida na mochila e unha visera do noso Colexio.

Cando chegamos á estación de Monforte, había alí moitos nenos e nenas doutros colexios e montamos todos no tren para Ourense. Dentro do tren xogamos cos pallasos Vivia e Rasti e regaláronnos unha bolsiña de papel cun conto, un bolí, un tazo, un globo e tamén un puzzle. Cando pasabamos polos túneles apagaban as aluces e berrrabamos con moita forza. ¡Que divertido!

Ó chegar a Ourense, sentámonos todos na sa de espera da estación e Rasti contounos o conto de "Ana e o tren máxico". Despois déronnos un «Huesitos» e unha laranxada que tomamos alí na estación.

Á volta viñemos xogando a explotar os globos que nos regalaron e fomos comer a un parque de Monforte. Alí comimos e despois xogamos un bo rato ata que foi hora de volver para o colextio no autobús.


Gostounos moito esta viaxe porque moitos de nos nunca foramos no tren e pasámolo moi divertido. ¡Ah! Coñecimos a Pepe, o noivo da profesora Ana que ía cos seus alumnos de Viana e grabounos coa cámara de video.

Como podeis comprobar, á volta debuxamos ós profes que foron connosco, o autobús, o tren os paisasos e por suposto a nós mesmos.

Alumnos/as de 2º de E. PRIMARIA

... VIAXE EN TREÑ

BEN GUAPOS TODOS, ¿A QUE SI?



GRAN ACONTECIMENTO DEPORTIVO

O día dez de Marzo, sábado, ás cinco da tarde fomos Á Coruña. Á mañá seguinte, cara as sete e media chamáronnos por teléfono. Almorzamos e collemos o autobús cara ó estadio. Xogamos catro partidos, deron natillas cara as once e media da mañá, despois a comida e por último voltamos para casa.

O sábado día dez de Marzo fomos Á Coruña. Saímos ás cinco da tarde nun autobús. Durante a viaxe vimos vídeos, xogamos á "game boy", etc.

Cando chegamos fomos para un Hostal chamado Mara. No hostal ceamos e gardamos a roupa. Despois de cear fomos dar un paseo ata a Praza de María Pita e á Praia de Riazor.


Na Praza de María Pita pedímoslle a un rapaz que nos deixara o balón, e marchamos para un sitio onde había lume e intentamos apagalo. Na praia de Riazor encontramos conchas e Alejo tiroulle a David Álvarez un dragón de goma ó mar. Cando viñan as ondas marchabamos correndo.

Ó día seguinte tivemos que madrugar para almorzar. Fomos ó autobús para que nos levase ó campo de fútbol. Alií había moitos rapaces e rapazas. Cando empezamos a xogar os partidos estabamos moi emocionados por gañar.

No primeiro partido empatamos a uns, no segundo por desgracia perdemos, no terceiro empatamos e no do final empezamos perdendo por dous cero, pero logo reaccionamos e ó final empatamos a dous goles gracias a Alejo e Toñín. Iamos comer e por desgracia empezou a chover e tivemos que marchar no autobús, no camiño paramos nun bar a descansar un pouco. Máis tarde viñemos de volta ás nosas casas.



*David Rodríguez Simoes, Samuel Martín Carrera
Santiago Corcoba Rodríguez, Francisco Rodríguez Vidal
5º de E. Primaria*



HOME ENTRE DOUS SÉCULOS:

ELADIO RODRÍGUEZ GONZALEZ



O 17 de maio, día das Letras Galegas, adicado este ano ó xornalista e poeta ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, a quen sen dúbida debiamoslle unha homenaxe pois foi autor do «Diccionario enciclopédico Gallego-Castellano».

Temos que lembrar que naceu no ano 1864 morrendo na Coruña en 1949.

A súa nenez e primeira mocidade transcorreron na súa terra natal, en plena comarca do Ribeiro. Alí cos frades do mosteiro de San Clodio, foi onde don Eladio aprendeu a ler e escribir, amosando desde moi novo un fondo amor polo estudio e polas letras que o levou a escribir poemas e artigos para distintas publicacións da época. En 1888 empeza a traballar como funcionario no Concello da Coruña.

Participa moi activamente nas iniciativas políticas, periodísticas e culturais do rexionalismo progresista. É membro da famosa tertulia A Cova Céltica e promotor e cofundador da Real Academia Galega, da que será presidente entre 1925 e 1934. Foi tamén un dos primeiros impulsores das Irmandades de Fala coruñesa, fundador do coro Cantigas da Terra e director de xornais como «La Mañana» e «El Noroeste».

A súa produción como poeta redúcese a dous libros: «Folerpas» (1894) e «Oracións Campesinas» (1927), de temática rural, costumista e anticaciquil.

Pero o gran empeño da vida de don Eladio, o traballo ó que dedicou máis días e desvelos e polo que pasaría a historia da cultura galega

foi o «Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano» que nunca chegaria a ver publicado. Foron máis de trinta anos de labor silencioso, solitario e tenaz que D. Eladio Rodríguez investiu na redacción desta obra senlleira e extraordinaria, tesouro inesgotable de coñecementos e informacións sobre o idioma galego.

Foi no pasado mes de novembro cando a Fundación «Pedro Barrié de la Maza» decidiu edita-lo seu Diccionario en CD-ROM.

TAMARA 4º DE E.S.O

DÍA DAS LETRAS GALEGAS-17 de Maio .

Victoria Hermida Morais
6º E.Primaria

CONTOS E LENDAS

MEDO ÓS LOBOS

Antes, en tempos antigos, había persoas que tiñan as viñas lonxe das súas casas, entón construíran unha caseta pequena para meter as cubas do viño.

Un día viñan dous homes para a súa casa, de súpeto, apareceu un lobo. Eles asustáronse e subiron encima do tellado da caseta que estaba cerca. Os homes sabían que o lobo po-



día subir ó tellado, pero non fixo tal, encaramouse encima dunha pedra moi grande e empezou a aular. Non pasou moito tempo en recibir a contestación dos outros lobos que estaban ó outro lado da montaña. Un dos homes decautose de que os estaba chamando. Mortos de medo, desmontaron o teito e coáronse dentro da casoupa; xa dentro, derramaron o viño dunha cuba e metérónse dentro, tapando o buraco cun cacho de madeira. Dende dentro podían escoitar os aulidos de moitísimos lobos, que tentaban entrar na casinha. E entraron, pero o cheiro producido polo viño despistounos e marcharon. Os homes durmiron alí toda a noite. O día seguinte saíron os dous da cuba topándose na porta, morto, ó lobo que chamara ós outros.

¿Que pasou? Seguro que bebeu o viño derramado... non sei.

M^a José Teixeira Prieto
1º de E.S.O.

A RAÍÑA LUPA E SANTIAGO

Protexida pola escuridade da noite unha barca sen temón tripulada por catro homes acercábase ás costas de Galicia.

A embarcación guíabase soa cara a entrada da ría onde escolleu a súa parada nunha pequena praia. Os homes saltaron á terra, amarraron a barca e sacaron dela un corpo sen vida envolto nunha saba branca: era o Apóstolo Santiago.

Ían na busca dun lugar axeitado para darlle nobre sepultura ó discípulo de Cristo, dous dos homes divisaron ó lonxe un grandioso castelo. Encamiñáronse cara alí, e ó chegar pedíronlle audiencia ó señor da fortificación.

Os servos de Santiago foron conducidos ante a raíña Lupa, señora das terras da fin do mundo. Nun principio interesouse pola historia dos cristiáns, mandounos á cadea pola súa soberbia. Pola noite, estando encadeados, os cristiáns pediron axuda ó seu Deus, un res-

plandor luminoso e estrelado abriu miraculosamente as portas da prisión e os presos poideron escapar. Decatándose os do castelo da fuga nocturna correrón a capturálos. cando os soldados da raíña Lupa pasaban por unha ponte a estrutura afundiuse matando ós perseguidores as pedras e a corrente.

Os cristiáns volveron á presencia da raíña advertíndolle do poder do seu Deus, dicíndolle "que era mellor para ela que os axudara", xa que necesitaban un carro e dous bois para transportar ó apóstolo. Ela deulle unha parella de touros salvaxes no canto dos bois; pero a sorpresa foi xeral ó observar como os touros se deixaban xunguir mansamente baixo o xugo.

Desde entón dise que a raíña Lupa converteuse ó cristianismo mandando derrubar tódolos lugares célticos de culto admirada de tantos milagres.

Olalla, 2º de E.S.O.



Departamento de Orientación

Hace unos meses empezamos juntos una aventura en la que todos íbamos a ser los protagonistas. Hemos convivido durante muchas horas y nos han sucedido un montón de cosas. Entonces teníamos, unos más que otros, ciertas curiosidades e inquietudes, proyectos, ilusiones, estaba todo por iniciar y podíamos por tanto trazarnos muchos caminos. Recuerda que nos fijamos, alumnos, profesores y padres cada uno y como grupo, unas metas, unos objetivos y tuvimos todas las oportunidades para ello.

Ahora el tiempo ha pasado y ha llegado el momento de la evaluación final. Tendremos, todos, que recoger los frutos de lo que hemos ido sembrando a lo largo del curso e ir cerrando de algún modo esta etapa para poder empezar la siguiente. Todos hemos vivido un año más y con él una experiencia que no volverá a repetirse.

Como consecuencia de esta evaluación a nivel personal probablemente algunos os habréis dado cuenta de que todavía os falta algún trecho por andar, y tendréis que reajustar vuestros planes de cara al verano que empieza y ante el próximo curso.

Todos en cualquier caso

tenemos siempre algo que mejorar y lo inteligente es saber aprovechar las oportunidades que nos van surgiendo para ello.

compartir y tal vez algún proyecto futuro sobre todo los que este curso terminan la ESO.

Por eso, ¡Por qué no celebrarlo juntos ... que nuestra despedida sea una fiesta que nos ayude a empezar bien una nueva etapa. Necesitamos de la alegría para vivir, y siempre la encontraremos si sabemos buscarla.


Incluso cuando nos equivocamos avanzamos, si conseguimos aprender de los errores.

Muy probablemente el próximo septiembre sea distinto. Empezarás una nueva etapa en tu formación, si lo deseas, con nuevas circunstancias y retos. Tal vez te inicies en el mundo laboral y en este caso te aguarda un nuevo y muy distinto estilo de vida, más "adulto" y con otro tipo de exigencias y gratificaciones.

En cualquier caso de todas maneras debes de prepararte y además, vas a disponer de un tiempo, más o menos largo, que te conviene utilizar inteligentemente para sacarle a "tus vacaciones", sean las que sean, el máximo partido posible en todos los sentidos.

Y no olvides que este centro en general y su departamento de orientación en particular están para orientar en y para la vida .

Berta Gudiña Barrio




A todo esto debemos unir un aspecto y es que este camino no lo hemos andado solos, hemos podido vivir muchas experiencias, unas más positivas que otras, con nuestros compañeros/as pero también con los diferentes profesores que hemos estado pendientes de todos vosotros y que hemos intentado estar ahí siempre para ayudarlos y facilitarlos el paso por este centro.

Tenemos, o deberíamos tener, muchos recuerdos en común, satisfacciones que

TEMPO DE LECER

BUSCA DEZ FROITAS




Rei dos planetas e dos cometas
deste sistema solar.

Acorda de manhanzinha
à noite vai-se deitar


ADIVIÑAS

Doce señoritas nun balcón
todas gastan medias
e zapatos non



Doce gostam mais do dia.
Outras doce da noite escura,
seguem uma atrás das outras.

Terho eu as sete cores,
no céu gosto de as mostrar,
Não passam duma ilusão,
ninguem as pode apanhar



Anda, anda e non chega a
Peñaranda

Anabela 1º E.S.O

DOCE MESTRES/AS DE E.S.O.



Carmen 1º E.S.O

UN CURSO CON MOITA CHUVIA

Este ano a chuvia fixo verdadeiros estragos, a verdade é que xa había moitos anos que non chovía tanto. No meu pobo, que se chama Domiz, este fenómeno atmosférico tamén se deixou notar, pois estragou camiños e tirou paredes; incluso nuns días non pudemos vir ó colexió por causa dunha rocha que caeu á estrada.

Comezou a primavera e... case seguimos coa memsma. No meu pobo, O Robledo, caeu unha parede dunha horta e cortou o camiño por onde pasan os meus avós.



Na estrada que vai de Sobradelo ó Barco derrubouse medio carril preto de Millarouso.

¡Que aburrida é a chuvia! ¡Co bonito que é o sol!

Xa teño ganas de que faga bo tempo. Este curso case non pudemos xogar no patio, tivemos que esta a cuberto.

A auga é necesaria para vivir, pero este ano foi demasiada. Os regueiros e os ríos desbordáronse, o río Sil, ó seu paso polo Barco chegou ata o Malecón. ¡Foi terrible!

*Kevin, David e Miriam
4º de E. Primaria*


MÁIS ADIVIÑAS... E CHISTES

Vivo no alto e son enorme
aínda que é sinxelo moverme.
Asomada a ventá vivo
e falo sempre forte.

(a campa)

Escupo, bramo e mareo
son tromba, abismo e espello
e de igual maneira trato ó monarca
e o vasalo.


(o mar)



Sergio 1º E. Primaria

Por pares fannos,
por pares véndennos.
E se se rompe un,
o outro oféndese.
(solapaz)

Alex 2º E. Primaria




- ¡Hombre, su cara me suena de haberla visto en algún otro sitio!
- ¡Qué cosa más extraña, siempre la llevo en el mismo sitio!

Vicente 2º E. Primaria

Dos.. de Jaimito.

- Jaimito hace diez minutos había dos pasteles en la nevera. ¿Cómo es que sólo queda uno?
- Porque no lo vi mamá.



- Señor maestro, Jaimito me ha mandado al diablo.
- ¿Y tú qué has hecho?
- He venido junto a usted.

Eva Arias 2º E. Primaria

TEATRO, NÓS SOMOS PURO TEATRO

Como tódolos anos ó chegar o momento de prepara-lo xornal do colexio, na clase de Galego prodúcense situacións insólitas. A verdade é que á maioría non nos gusta escribir e se o facemos é a golpe de "decreto escolar".

Este ano, O TEATRO: *Escribe a primeira idea que se che veña a cabeza sobre a obra representada no Festival de Fin de Curso polos alumnos/as do 1º Ciclo de E.S.O. "MICOMICÓN E ADHELALA".* A verdade é que esta participación vai ser un pouco longa. Paga a pena lela.

IDEAS DE 2º B

- A min pareceume moi divertida. O que máis me gustou foron os redobles de Vicente. O decorado precioso. A verdade é que sentinme mal por non ter participado. (*Sandra*).

- Gustoume moito pero como facía moita calor saín para fóra. Vicente estupendo cos redobles e Sara moi ben cando se volvía louca. (*Alberto*).

- Eu vin a obra pero non me enterei de nada. (*Marcos*).

- Os berros de Sara e os redobles de Vicente encantáronme. (*María*).

- Participei no decorado, fixémolo pintando con esponxas, quedou moi bonito. Con respecto a obra direi que pensei en aburrirme, pero non foi así, esta foi diferente. (*Olalla*). - Ó ve-los actores entrar no esce-

nario deume a risa pola maneira que ían vestidos. Unha nena facendo de home, Vicente co bombo sen facer nada, Sara dando berros, ¡que burrada!. (*Milton*).

- Sei que non o fixeron mal, pero

fíxome moita gracia coa súa forma de facerse a louca. O decorado precioso e adecuado á historia. (*Laura*).

- Vin a obra dúas veces, no Barco e no Colexio. A verdade é que foi unha pasada, gustoúme moito. (*Roberto*).

- Eu participei na obra. como é de supoñer gustoúme moito. O que menos, os berros de Sara e estar metido dentro dun traxe de época coa calor que facía. (*Vicente*).

- Eu participei e non me gustou moito. Preferiría que fose más cómica. Gustoume Carmen dicindo palabrotas e Sara pola maneira de moverse e de berrar.

Tamén me gustaron os descansos cun bo xelado. (*Rafael*).

- O máis divertido foron os ensaios. O mellor, perder os últimos días algúna clase e os ensaios na Casa da Cultura no Barco. O peor foi o formiguillo que se che mete dentro cando vas saír á escena. (*Sara*).

IDEAS DE 2º A

- A min gustoúme moito. Parecía que non tiveran que estudia-los papeis polo reais que resultaron. (*Tania*).

- Gustoume moito, a forma de interpretar parecía real; os vestidos preciosos. Só me quedou unha dúbida. ¿Micomicón deulle un bico a Adhelala? (*Isabel*).

- A obra pareceume fantástica, divertida e os actores estaban moi metidos no papel. Vestiario apropiado; foi o que más me chamou



a min resultoume aburrida só por unha razón: o teatro non me gusta. (*Rubén*).

- A obra estivo moi ben, todos fixeron un gran esforzo. Sara

(ven da pax. anterior)

a atención. Creo que son verdadeiros artistas, xa que me parecía difícilísimo interpretar esa obra. (*Rebeca*).

- O que más me chamou a atención foi que os actores facíano como na vida real, é dicir, parecía que non tiñan estudiado o papel. Foi xenial. (*Patricia*).

- Creo que ensaiaron moito porque non se equivocaron en nada. Sara pegaba uns berridos que asustaban ó medo. (*Maikel*).

- A obra estivo moi bonita, en especial a raiña nai. (*Felipe*).

- Gustoume moito, más que as outras actuacións. (*Óscar F.*).

- Pareceume moi divertida. Cada un falou cando lle correspondeu, nada de falar todos á vez. (*Verónica*).

- Estivo moi ben interpretada e os actores fixéronna moi realista. (*Óscar*).

- A verdade é que ó ver ós meus compañeiros/as alí arriba representando cada un o seu papel, quedei admirada do que somos capaces de facer gracias ós profesores e se nos esforzamos un pouco. (*Claudia*).

- Cando empezou a obra de teatro xa se vía que a raíña tiña un fillo porque non paraba de falar del. O fillo quería casar con Adhelala e a nai que non. Ó final casaron e foron felices. (*César*).

- Foi moi bonita. Gustoume como o fixo Sara. Ata parecía de verdade. Alucinante, estivo moi ben. (*Juliana*).

IDEAS DE 1º

- Gustoume a actuación de Sara porque sempre estaba berrando, tamén me gustou que Carmen dixera "carallo" e que Rafael lle dera a man a María. (*Ricardo*).

- Chamoume a atención cando

Micomicón lle dixo a súa nai que se ciscaba no sangue real e que non lle petaba casar. Vicente mesmoparecía un fraude. (*Juan Carlos*).

- Eu fixen de Adhelala. O día que a representamos non paramos de

o seu final, cando Adhelala e Micomicón pequeno se abrazaron. (*Barta*).


- Actuaron de maravilla todos, Sara, Érica, Yésica, María, Rafael, Vicente, Carmen. O mellor o abrazo do final. (*Liliana*).

- O que más me gustou foi Vicente de chambelán tocando o tambor. (*Mario*).

- Eu participei na obra. O más divertido foi o abrazo de Micomicón e Adhelala. Creo que o peor foi o baile, penso que nos saiu mal. (*Érica*).

- O que más me gustou foi ver a Carmen tal alta e tan grossa e á raiña nai desmaiada encima dunha cama. (*Beatriz*).

- Eu fun unha das que participei na obra. Como ningún rapaz se atreveu a facer o papel de Micomicón xigante fixeno eu, aínda que non me gustaba moito. O que más me gustou da obra foi o abrazo de Adhelala e Micomicón pequeno. De todos modos o mellor foron os días anteriores á representación. (*Carmen*).



inspirar e expirar para bota-los nervios do corpo. Ó saír a escena desapareceron todos. O malo foi cando saíu Micomicón pequeno, fíxoseme un nó na gorxa. O corazón empezou a latear moi forte cando nos abrazamos, pensei caer cos nervios. Todos se riron. Pero así era a miña actuación. (*María*).

- O mellor, as contestacións de Micomicón tan bordes e nerasténica á raiña nai e cando Adhelala e Micomicón se abrazaron. Todos estábamos nerviosos pero intentamos ocultalos. Saiunos de maravilla. Gustariame volver a repetila. (*Yésica*).

- Estivo moi ben representada, en especial as dicusións entre a raiña nai e o seu fillo. (*Regina*).


- O que más me chamou a atención foi cando a raiña nai facía o tolo e berraba; tamén me gustou

E aquí rematamos a nosa peculiar forma de colaboración co xornal do colextio, non sen antes agradecer á profe Ana o esforzo e a paciencia que tivo connosco. Tampouco queremos esquecer a Reme, a Alfredo e Avelina que nos levaron ó Barco convidáronnos a xelados.

Tampouco nos esquecemos de Manu e Pepe de Viana por axudarnos a face-lo decorado.

GRACIAS A TODOS

Alumnos/as de 1º e 2º de E.S.O.




XOGO PERIGOSO

LAURA,
2^o E.S.O.


Un grupo de amigos están
junto...

Pela noite Chama - um bicho amigável
Chama o Kean per tchifone


Premos nossos novos e novos
Chama é Roberto ven vira
Sérvula no dire




Xuan está no Casino



~~From~~ ~~collected~~ ~~in~~ ~~the~~ ~~same~~ ~~period~~




Atopanze nota nro. . .



CANDÍS

NON FUMES

Rebeca, 2º E.S.O.



UN DÍA DENTRO DO ORDENADOR

Nunca pensei na miña vida que me ía meter nun ordenador, pois si alí dentro estiven.

Eran as cinco da mañá, eu estaba fronte o ordenador e de súpito unha man colleume e traspasei a pantalla.

Todo era fantástico, todo era moi bonito, había cartas, fichas, debuxos e moitos, moitos xogos.

Empecei a correr e de súpito vinme perseguido por un virus; era un virus que non dabamos destruído. ¿Que como era? Era grande, de cor verdosa e moi feo, horrible, daba medo mirarlle, pero eu estaba tranquilo, pero correndo. De súpito unha man meteueme nun buraco e alguén empezou a falarme na escuridade.

- Ese é o virus que non deixa en paz o teu ordenador.

- Déixate ver -dixen eu-¿quen es?

Unha voz feminina contestoume

- Son a túa amiga, a da carta.

- ¿Que? ¿Como dis?

Era unha rapaza morena, pequena, guapa e o pelo tíñao negro. Efectivamente era Yésica.

- Son eu, a túa amiga Yésica.

- Pero ¿ti que fas aquí no meu ordenador?

- Fun programada polas túas cartas.

- Non liches as cartas ¿verdade?

- Non te preocupes, non lin nada - contestoume Yésica.

- Oes, e ese virus ¿por que esta no meu ordenador?

- Non che sei, pero tes que destruilo porque senón estragarache o ordenador.

Escoitamos unha voz

- ¿Onde estades pequenos? ¿Onde estades?

Volta a correr. Corrimos e corrimos ata despistalo de novo.

Pensei que nun libro que tiña eu metido nunha carpeta podería atopar a solución. Lin... e lin...

- ¡Aquí está! REMEDIO PARA MATAR VIRUS

- Veña, depresa que vai volver

«Receita para destruir virus»

1º.- Berrarille e botarlle a bronca

2º .- Volverase pequeno porque se asustará

3º.- Pisalo ben pisado ata esmagalo.

- ¡Aí está, fai o que di o remedio! - berraba Yésica chea de medo

Fíxeno e saiu como pensaba.


- Xa está, non hai virus.

Ó meu lado estaba Yésica, guapísima

- Yésica, ¿queres ser a miña noiva?

- Non podo, eu só fun programada para axudarte e non para ser a túa noiva. Xa me teño que ir. Ata outra.

Quixen bicala, pero non puiden. Espertei, a cabeza tíñaa pousada no teclado e na pantalla do ordenador había unha chea de mensaxes que indicaban errores. Todo fora un soño, pero ben bonito ¿non si?.




Juan Carlos 1º E.S.O.

VISITA Á CENTRAL

Nunha visita que fixemos á central hidroeléctrica que a Empresa Iberdrola ten en Sobradelo, preto do noso colexio, explicáronnos como se produce a enerxía que consumimos nas nosas casas.

Dous grupos aproveitan a auga dos ríos Sil e Casoio. Esta chega á cheminea de equilibrio a través dun túnel; abrindo dúas comportas que hai na cheminea, dáselle paso á auga e chega ata a turbina, ó abri-las vintecatro pas que ten o distribuidor, pasa a auga á roda motriz da turbina e pona en movemento. A turbina move o alternador e de aí xa sae a enerxía eléctrica. O edificio en si é moi grande aínda que non o parece. No primeiro piso hai moitos aparellos de mando e control, rexistradores que sinalan



os niveis dos encoros de Pumares e Casaio, contadores para medi-la enerxía producida, ordenadores, dous alternadores (un para cada turbina)...

Noutro piso están as turbinas que xiran a moita velocidade e fan un ruido impresionante.



Dende logo o que máis nos chamou a atención foi a forza con que sae a auga das turbinas ó exterior, a cantidade de escaleiras (105) que hai dende a cheminea de equilibrio ata a estrada e as cámaras que vixían todo o que pasa dentro e nos arredores da central.

Alumnos/as de 6º de E. Primaria

UNHA VIAXE EN KARSH


1)

Viaxamos dende Sobradelo
a Expourense




2)

Alí explicáronnos os sinais de Tráfico





6) Fixemos o circuito en Karsh



Cando rematamos a visita comimos nun parque todos xuntos




Os nenos de primeiro estamo no Zoo e ...




... O mozo está moi contento porque
Jacobo lle da un plátano.

A nena gádande moita, malísimos
cospiñero o que máis llova quita e o vira.



Nelisa pensa que o elefante
é enorme e quítale unha foto.




ATA A

O rexido do león arrestra a Nadia e
escapa nun segundo.



Claudia da comida a 85
pombas.


ITEN CENTROS DE POMBEIS O
SEU LARO!





Soy yo mira muuuuchas como a la gente andar
en sus zapatos.



Diego me come mas bien y se lo da a los
patos que estan en el estanque.



Jai, si, si! de jennifer, bai retos,
mirade todos.




O que le gusta a fibor son
as rocas que quedan debajo
das rocas.



Mejor esto que no
nada, e nada cosa pelela.

E ahi remataou
un dia no
zoo.



TiAGO



Queremos dicirvos unha
cousiña: ¡¡ Felices Vacacións !!



- ¡¡ PASÁDEO GUAI !!



¡ Ata o próximo curso !

